

## **5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

### **Criterios de cualificación:**

#### **CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:**

O grao de consecución dos criterios de avaliação das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:  
A nota de cada trimestre calcularase mediante entregas de traballos teóricos e prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro para cada traballo. Cada traballo presentado en cada trimestre terá un peso relativo dependendo da importancia e dificultade do mesmo. Mediante a media ponderada dos traballos presentados calcularase a nota correspondente os traballos. A non entrega a tempo dos traballos terá unha penalización na nota do mesmo que dependerá do tempo na demora. Os traballos non presentados avaliaranse cun cero. Peso porcentual da nota de cada avaliação: 80 %..

b) A través da observación sobre o coidado e respecto de material propio e alleo, a atención prestada en clase, a participación e o interese amosado así como o uso recurrente da aula virtual. Peso porcentual na nota de cada avaliação: 20%

Cada trimestre considerase aprobado cando alcanzase a nota de 5 tendo en conta o peso relativo das diferentes instrumentos que o compoñen.

É importante que se cumpran as instruccions dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na avaliação.

Os indicadores de logro corresponderán cos criterios de avaliação e se poden aplicar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. Un exemplo dalgúns que se poden empregar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.
- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).
- É quen de expresar con corrección os conceptos sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da práctica.
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.
- Adecúase ás instruccions e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto.
- Nos traballos realizados en grupo, leva a cabo as tarefas asignadas e a súa participación é respectuosa.
- Entrega as tarefas en prazo.

#### **CUALIFICACIÓN FINAL:**

A nota final consistirá nunha media aritmética dos trimestres.

Se o alumno ou alumna ten suspenso un trimestre pero lle da a media un 5 considerarase aprobado e non terá que presentarse á recuperación.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumno/a non obteña un 5 na media aritmética dos tres trimestres, ao fin do terceiro trimestre poderase realizar a recuperación do último trimestre ou dalgún outro aínda pendente nun día específico para elo, a recuperación consistirá nunha proba escrita dos trimestres suspensos que versará sobre os contidos mínimos esixibles.

Debido a que esta proba só consta de contidos que o docente considera imprescindibles, nesta proba considéranse só dous tramos no caso de recuperalo trimestre suspenso:

- De 5 a 7 equivalerá a un 5 no recálculo da media final.
- De 8 a 10 equivalerá a un 6 no recálculo da media final.

Os traballos propostos en cada trimestre NON poderán ser recuperados.

## **5.3. Procedemento de segulmento, recuperación e avaliação das materias pendentes**

#### **SEGUIMENTO PERIÓDICO:**

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o alumnado terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro. Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poden ser complementados cun caderno de actividades en formato físico.

A entrega do material ao alumnado comunicarase ás familias a través do propio alumnado mediante circular e/ou mediante a aplicación de Abalar Móbil.

O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e do alumnado a través da aula virtual, ou mediante reunións presenciais.

A avaliação levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico ou a través da aula virtual. É importante que se cumpran as instruccions dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media aritmética das 3 entregas ou avaliações.

#### **PROBA FINAL:**

De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado poderá presentarse a unha proba final que suporá o 100% da cualificación e que consistirá nunha proba teórico-práctica. De xeito puntual poderá superar a materia entregando as láminas non superadas e/ou non entregadas no período correspondiente.